

SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN PONTEVEDRA

ÁREA DE INDUSTRIA E ENERXÍA

Praza de España, s/n, 36002, Pontevedra

**ASUNTO: Alegacións contra a solicitude de Autorización Administrativa Previa e o Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Tramontana, situado nos termos municipais de Forcarei e Silleda (Pontevedra), e a súa infraestrutura de evacuación, situada nos termos municipais de Cerdedo-Cotobade, Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense).
Código proxecto: PEol-323 AC.**

Don/Dona _____ con DNI. _____,
con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio
de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN: Coñecendo a través do Boletín Oficial do Estado do 31 de maio de 2021, o anuncio da Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra (Referencia: BOE-B-2021-27531), polo que se somete a exposición pública a solicitude de Autorización Administrativa Previa e o Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Siroco, de 61'6 MW, situado no termo municipal de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), Parque Eólico Tramontana, de 72'8 MW, situado nos termos municipais de Forcarei e Silleda (Pontevedra), e a súa infraestrutura de evacuación, situada nos termos municipais de Cerdedo-Cotobade, Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense), procédese a presentar as seguintes **ALEGACIONES** ao citado proxecto:

PRIMEIRA. Que o P.E. Tramontana e a súa liña de evacuación é moi **prexudicial para a calidade de vida dos veciños** dos pobos da contorna (Fontefría, Vilar, A Graña de Umia, A Umia, Muras, Castro de Muras, Alende, Os Campos, A Reigosa, Filloi, Valiñaxemia, Valadares, As Rabadeiras, Chamosa, A Mámoa, etc.) pola proximidade excesiva dos aeroxeradores e a LAT e demais afeccións negativas e na valoración destes impactos no EIA non se contemplan de forma sinérxica os efectos con outros parques xa construídos ou en tramitación na contorna. Ademais, **as vivendas e terras da zona perderán valor** ao encadrarse dentro da poligonal sobredimensionada do PE e polo efectos negativos do mesmo quedando aldeas enteiras supeditadas aos intereses da promotora e a un gravame considerable a efectos de perda de valor da propiedade, liberdade dos seu uso ou expropiación para ampliacións ou modificacións, sen que isto supoña un retorno económico relevante. As repercusións económico sociais que se expresan no proxecto non están fundamentadas.

SEGUNDA. No EIA **non se teñen en conta os efectos sinérxicos e a saturación ambiental ante a excesiva concentración de instalacións eólicas na contorna** da localización do PE Tramontana que xeraría unhas afeccións conxuntas nun mesma área xeográfica gravísimas. Téñase en conta a xurisprudencia (Sentencia doTSJ Castilla y León de Burgos, Sala de lo Contencioso-administrativo, Sección 1ª, S de 13 de Julio de 2012 e Sentencia del TS 345/2018, de 5 de marzo).

TERCEIRA. O EIA do PE Tramontana obvia efectos de carácter social e económico (incumprindo o recollido no anexo VI.2.a da Lei 21/2013). O proxecto **afectará moi negativamente á economía local**, especialmente ao **sector agrogandeiro, ao situarse na zona** de maior produtividade agrogandeira do concello. Cunha ocupación terras de uso agrícola e gandaría extensiva con propiedades consideradas coma superficie agraria útil vinculada a explotacións para o seu aproveitamento e incluso suxeitas aos criterios polos que se determina a percepción de pagos directos dentro da PAC, quedando numerosas granxas da contorna baixo a influencia da construción e do ruído dos aeroxeradores ou das liñas de alta tensión asociadas. Así mesmo, nesta zona de afectación están en proceso ou xa se teñen levado a cabo procesos de concentración parcelaria.

CUARTA. No procedemento administrativo realizáronse distintos trámites e xestións con total **opacidade e sen garantir unha participación real e efectiva** Incumprindo as garantías de participación do público na toma de decisións en materia do medio ambiente, recollida no Convenio de Aarhus, no artigo 45 da Constitución española e na Lei 27/2006 (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

QUINTA. O EIA do PE Tramontana presenta **incoherencias coa Lei de Avaliación Ambiental (Lei 21/2013)**. Deficiencias na análise de alternativas, carencias no inventario ambiental, só se valoran os impactos da solución proposta. Ademais, no EIA non se valoran correctamente os impactos, minimizando as afeccións negativas e sobrevalorando

os impactos positivos e algunha das medidas preventivas, correctoras ou compensatorias son demasiado xenéricas, sen concreción e sen un orzamento detallado

SEXTA. A tramitación do PE Tramontana supón unha **fragmentación artificial de proxectos** dunha mesma promotora, evitando unha avaliación ambiental global e acumulada da totalidade de infraestruturas dos parques e incumprindo as garantías de transparencias cara os afectados, a cidadanía e outras administracións. Os PE Tramontana, As Penizas, Ampliación As Penizas, Cabanelas, Pedra Longa e Sirocco, constitúen unha mesma unidade ao compartir elementos chave que fan inviable que os mesmos sexan funcionais por separado. Incluso se comparten infraestruturas con outros promotores como no caso do Paraño Oeste. Algúns destes serán obxecto de proxectos independentes e tramitaranse até en organismos administrativos distintos, outros como Cabanelas e o Paraño Oeste foron tramitados hai case dez anos incumprindo os prazos para a aprobación da DIA no primeiro caso ou coa aprobación da DIA caducada no segundo. Cómpre lembrar ao respecto da división artificial de proxectos a STSJ GAL 5691/2020 - ECLI: ES: TSJGAL: 2020:5691 de data 09/11/2020.

SÉTIMA. O PE Tramontana e liña de evacuación proxéctase **fora das Áreas de Desenvolvemento Eólico** establecidas no Plan Sectorial Eólico pola Xunta de Galicia e sobre **zonas de sensibilidade ambiental máxima** que figuran na *Zonificación ambiental para la implantación de energías renovables: eólica y fotovoltaica* do MITECO.

OITAVA. Que o proxecto do PE Tramontana se sitúa nunha zona de altísimo valor ecolóxico provocando unha **serie de impactos ambientais severos: Vulneración da Directiva 92/43/CEE**, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres. **Incompatibilidade coa fauna local** pola existencia de **especies vulnerables**. Téñase en conta as **Directiva 2009/147/CE de Conservación de aves silvestres e a Lei 5/2019 de Patrimonio Natural de Galicia**. **Afección á Rede Natura 2000 sobre os LIC do ZEC Brañas de Xestoso, ZEC Serra do Candán e ZEC Serra do Cando, constituíndo a zona de instalación do PE** un corredor ecolóxico e unha área territorial de primordial importancia para poboacións de especies de fauna e flora, expresamente regulado nos arts. 3.1 e 10 da Directiva 92/43 de Hábitats e art.46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade. **Afección severa a Humidais e Turbeiras** non inventariados pola Xunta de Galicia.

NOVENA. Que o **Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP) non se adapta ó Regulamento da Lei da Paisaxe (Decreto 93/2020) e ás Directrices de Paisaxe (Decreto 238/2020)**, tamén presenta defectos na metodoloxía. O PE Tramontana tería un **impacto paisaxístico severo**, afectando gravemente á paisaxe que supón un elemento cultural e natural de inmenso valor para a sociedade e é un activo económico e social.

DÉCIMA. Vulneración da Directiva Marco dá Auga (DMA) ao non presentar un estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico que garanta a non afección ós acuíferos e á calidade das masas de auga tanto superficiais como soterradas. Os grandes movementos de terras, perforacións e outras obras **afectarían aos recursos hídricos** (fontes, mananciais e cauces) existentes na poligonal de afectación do PE Tramontana. Preocupa a afección crítica que suporá a ocupación de zonas altas sobre as nacentes de fontes e mananciais que integran a rede de abastecemento de auga veciñal dos lugares próximos. A alteración das condicións naturais destas nacentes pode ocasionar un impacto crítico sobre o aporte de auga das regas dunha importante superficie de pastos de forraxe das que dependen as explotacións gandeiras de lugar e sobre as traídas de abastecemento de auga veciñais e extracción de pozos.

UNDÉCIMA. Que a zona na que se pretende implantar o PE Tramontana e a súa liña de evacuación ten unha **riqueza patrimonial e cultural** moi grande que se verá **gravemente afectada**. Véxase todo o patrimonio arqueolóxico presente (castros, mámoas, petróglifos...), arquitectónico, etnográfico ou inmaterial. E recursos patrimoniais e turísticos de gran relevancia como as Brañas de Xestoso, A Lagoa Sacra, Mosteiro de Aciveiro, Observatorio Astronómico, etc. Téñase en conta a **Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia**.

En por todo o anteriormente exposto, **SOLICITA:**

O **REXEITAMENTO E NON ADMISIÓN** da solicitude de Autorización Administrativa Previa e o Estudo de Impacto Ambiental do **Parque Eólico Tramontana** e a súa **infraestrutura de evacuación** situado nos municipios de Forcarei, Silleda, Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) e Beariz (Ourense) (**Código de proxecto: PEol-323 AC.**), e a súa retirada definitiva pola incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais, paisaxísticos e socioeconómicos da zona e a falla de licenza social.

En Forcarei , de de 2021

Asdo.: